

RESUMO EXECUTIVO

O Goberno Galego e a Consellería de Innovación e Industria, a través do seu acordo de Goberno do pasado mes de xullo de 2005, apostaron decididamente pola dinamización do Software Libre. Neste sentido, unha das liñas de actuación que se está desenvolvendo é o Observatorio de Software Libre de Galiza, que ten a finalidade de estudar a realidade das empresas, os Concellos, os centros educativos e a sociedade galega en xeral, en relación ao uso do Software Libre.

Este estudo sobre a situación actual do Software Libre no sector informático de Galiza, é parte dun máis amplo realizado por este Observatorio que examina tres ámbitos máis: pequenas e medianas empresas de todos os sectores empresariais, Concellos e centros de ensino. Asemade, este primeiro traballo completárase posteriormente con outro realizado cun ano de demora e que permitirá ver a evolución das principais variables do estudo. A consecuencia deste feito considerouse importante facer unha enquisa exhaustiva que mostrase tanto os diversos aspectos que poden estar afectando ao Software Libre, nun sentido amplo, como aqueles que poden ser específicos da actual situación de Galiza.

As principais conclusións deste estudo son as seguintes:

- O software libre utilízase na maior parte das empresas TIC. Ademais, a tendencia de uso entre as empresas usuarias é moi prometedora. Con todo, este feito non aparece reflectido no mercado, onde a maior parte das empresas informáticas ofertan produtos baseados en Software Propietario.
- As empresas informáticas que utilizan Software Libre están moi satisfeitas co seu uso. Isto é especialmente importante se temos en conta que o usuario, neste caso, ten coñecemento da tecnoloxía e, polo tanto, criterio para escoller.
- A maior parte das empresas informáticas que non utilizan Software Libre aínda non se plantexaron usalo. Ata se percibe rexeitamento nun grupo reducido de empresas. O principal motivo para non usar Software Libre é o descoñecemento e a falla de formación, tanto técnica como de usuario, neste eido.
- En canto ao idioma empregado nas aplicacións informáticas, o uso do galego é minoritario. Por outra banda, practicamente a totalidade das aplicacións propietarias non existen en galego ou a súa adaptación ten un alto custo.
- As principais necesidades suscitadas polas empresas do sector informático para usar Software Libre internamente son axudas económicas, información de produtos e provedores

(xa que descoñecen quen pode dar soporte técnico), así como formación en todas as áreas: na administración de sistemas, no desenvolvemento de programas e para os usuarios.

- O nivel de descoñecemento sobre a maioría dos aspectos relacionados co Software Libre é moi grande: modelos de negocio, marco xurídico, casos de éxito, etc. Ademais, a formación informática nas empresas TIC é baixa e practicamente inexistente en temas relacionados co Software Libre.
- A maior parte das empresas informáticas de Galiza non ven motivos claros para incorporar o Software Libre á súa carteira de produtos. Os principais motivos argumentados son a falla de demanda de produtos baseados en Software Libre, así como o seu descoñecemento sobre as posibilidades de negocio. As empresas do sector cren que para xerar máis demanda habería que sensibilizar ao mercado, establecer liñas de axudas, así como formar amplamente en todos os eidos.
- As PEMES que ofertan produtos baseados en Software Libre non están moi satisfeitas cos resultados desta liña de negocio. O principal factor da demanda de Software Libre é o custo, pero o cliente non ve outras posibles vantaxes, como a independencia do fornecedor (*lock-in*) ou a adaptación ás necesidades concretas.
- Existen problemas á hora de atopar dispoñibilidade de técnicos no mercado laboral preparados en materias relacionadas co Software Libre. A formación profesional e a universitaria non incorporan suficientes materias baseadas en Software Libre.

Dos datos recolleitos do estudo, así como das mesas de traballo levadas a cabo con empresas do sector, dedúcense as seguintes recomendacións:

- É necesario realizar accións divulgativas encamiñadas a explicar aos responsables das empresas e técnicos as vantaxes que pode ter o Software Libre para o seu negocio, tanto no seu uso interno como para prover novos servizos. Neste sentido, sería axeitado a creación dun boletín electrónico divulgativo, un portal Web con información e noticias sobre o Software Libre ou unha recopilación de Software Libre para as empresas informáticas.
- Asemade, é importante publicar e manter un directorio de provedores que oferten Software Libre e poidan dar soporte. A elaboración de guías de solucións e áreas onde introduci-lo axudaría a aumentar o seu uso no sector informático.
- É imprescindible crear servizos de apoio e asesoría xurídica no eido do Software Libre, xa que o descoñecemento é total. A creación dun programa formativo e titoría de creación de empresas TIC en Software Libre axudaría a aclarar estes aspectos.

- En relación coa formación, hai que aumentar a presenza de materias orientadas ao Software Libre nos estudos de formación profesional e universitarios, formando igualmente aos docentes a través da programación de cursos presenciais e a distancia. A promoción dun máster en Software Libre permitiría a especialización por áreas, como a seguridade informática ou os servizos de comunicacións.
- Apoiar o desenvolvemento da industria local é clave, facilitando a creación de PEMES con produtos baseados en Software Libre. Hai que promover mediante axudas que as empresas informáticas que non ofertan Software Libre o incorporen ao seu catálogo. É tamén importante dinamizar as empresas que xa ofertan Software Libre a través de apoios á comercialización de produtos ou subvencións. Por outra banda, a creación dunha imaxe de marca axudaría a dar confianza aos potenciais usuarios.
- Estimular a colaboración entre empresas TIC a través de proxectos de gran tamaño. Neste sentido, promover a colaboración con outras Comunidades Autónomas ou iniciativas axudaría enormemente.
- Subvencionar a incorporación de novos titulados con formación en Software Libre ás empresas informáticas, promocionando o desenvolvemento de prácticas nas empresas.
- Mostrar un apoio decidido ao Software Libre desde a Administración Pública, valorándoo nas contratacións, introducindo Software Libre nos temarios de acceso a concursos, apoiando a implantación de solucións libres en organismos públicos e fomentando o intercambio de formatos abertos.

A información pormenorizada sobre os resultados do estudo pódese obter na páxina <http://www.mancomun.org>, onde, ademais, existe información sobre outros estudos relacionados coa implantación do Software Libre en diferentes eidos.